



Clube Atletismo A Rúa

Ano de fundación: 2015

Número de fichas 2015/2016: 12

Nome do Presidente: Iván Dosantos

Correo electrónico Atletismorua@gmail.com

1. Cómo valorades a tempada que ben de rematar?



Iván Dosantos Luis
Presidente Atletismo A Rúa

“O balance que facemos da temporada pasada, a primeira para nós a nivel federado, e máis que positivo.

A nivel de resultados foi unha sorpresa acadar medallas tanto nos Campionatos de Galicia como nos Provinciais, xa que non contabamos con elas. A verdade é que foron resultados moi motivantes, ao igual que cando poidemos completar o equipo de Campo a Través tanto para o galego como para o provincial de cross corto. Neste senso estamos moi satisfeitos polas catro medallas colleitadas nos campionatos oficiais, así como por completar algún que outro top10.

Para nós o máis importante, foi o de ter sido capaces de quitar este proxecto adiante nunha tempada na que as nosas metas pasaban por aprender, e ir adéntrandonos neste mundo do atletismo”.

2. Cales son os obxectivos que vos marcades para esta nova tempada?

“Para esta tempada os obxetivos son seguir aprendendo e medrando pasiño a pasiño xa que estamos nunha localidade pequena como A Rúa, e non resulta doado sacar rapaces e adultos que desexen federarse e disfrutar deste deporte.

A nivel de competicións tentaremos igualar o do ano anterior, acudindo ao Campo a Través, Ruta e Pista, modalidade esta última na que queremos insistir sobre todo cos máis cativos.

Sería un soño para nós contar esta tempada de novo cun Campión Galego e ter algún representante no de España”



//ABANCA



“Este Club naceu da ilusión duns amantes do atletismo, que un día se xuntaron para promocionar o deporte, a saúde e o compañerismo no noso pobo.

A nivel de medios contamos con dous adestradores que son os que levan as Escolas dos máis pequenos. Tamén contamos con

adestradores persoalizados presenciáis e online para os adultos.

*Queremos aproveitar para agradecer a comunidade atlética de Galicia polo ben que nos acolleron dende o primeiro momento, así como a todas as entidades, empresas e pequenos comercios que colaboran con nós, en especial a **Bravo Lux** sin cuio apoio as Escolas non serían posibles. Tamén queremos amosar o noso agradecemento a todos os veciños que nos apoian.*

Seguiremos traballando pasiño a pasiño a prol do deporte, convidando ademáis a quen desexe unirse a nós, a que nos contacte. Somos un grupo de amigos que formamos unha pequena familia atlética”

